

NOTA DE PRENSA (embargada ata as 18:30 horas)

Galicia forma cada ano a un centenar de futuros médicos especializados na cura termal

O profesor Míguez, experto en termalismo, lembra que os médicos xa se introduciron nos balnearios no século XIX

Esta tarde inaugúrouse en Santiago o curso académico da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- O curso da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e Balnearios de Galicia inaugúrouse esta tarde no edificio docente Roberto Novoa Santos da USC. Ao acto asistiron o director da Cátedra e decano da facultade de Medicina da USC, o doutor **Juan Gestal Otero**; o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**; a coordinadora do programa, a doutora **Dolores Fernández Marcos**; xunto con directores médicos de diferentes establecementos termais da comunidade.

A materia de hidroloxía médica comezou a impartirse na Universidade de Santiago no ano 2006, froito dun acordo coa Asociación de Balnearios de Galicia. Catro anos despois nace a Cátedra de Hidroloxía Médica, a segunda que existía en toda España, con máis dun centenar de alumnos matriculados cada curso.

O director da Cátedra, o doutor **Juan Gestal Otero**, destacou “a importancia de capacitar aos alumnos para a utilización correcta desta modalidade de terapia na súa práctica médica”. Nesta liña, os futuros médicos coñecerán as características básicas dos distintos tipos de augas mineiromedicinais e as súas principais aplicacións terapéuticas e preventivas nas doenzas máis comúns.

Ademais das clases teóricas, os alumnos realizarán prácticas en balnearios, o que lles permitirá coñecer como os facultativos dos establecementos termais aplican diferentes técnicas para o tratamento de enfermidades e doenzas diversas.

Os baños eran o único remedio terapéutico para os romanos

A conferencia inaugural do curso impartíuna o codirector da Cátedra, o doutor **Luís Rodríguez Míguez**. Na súa intervención fixo un percorrido pola historia do termalismo. “Nos tempos primitivos o baño, máis que unha práctica de aseo persoal, era considerado como un rito simbólico para alcanzar a limpeza da alma e o pracer do espírito”. A esta fase mitolóxica seguíulle outra empírica. Plinio conta que os romanos, durante 600 anos, non coñeceron outros remedios terapéuticos máis que os baños. Antonio Musa, médico do emperador Augusto, curouno dunha hepatite con auga mineral, administrada “intus et extra”.

No século XVIII comeza a tomarse conciencia de que o fenómeno termal e balneario debe recuperarse e explotarse

Logo os árabes en España edifican e reedifican establecementos termais. E a seguinte fase é a aplicación dos progresos das demais ciencias aos estudos da hidroloxía médica, co que se van descubrindo novos elementos e propiedades nas augas medicinais. Afóndase nos traballos de investigación e comezan a estudarse os mecanismos de acción das distintas augas no organismo.

No século XVIII comeza a tomarse conciencia de que o fenómeno termal e balneario debe recuperarse e explotarse. Así, a principios do XIX xorde a figura do médico-director nos balnearios, froito da especialización. E o químico galego **Antonio Casares**, que foi reitor da Universidade de Santiago, analiza os manancias de máis sona en Galicia.

Doutor Míguez: “A saúde non é só a ausencia de enfermidade, senón un estado de completo benestar físico, mental e social”

Durante a súa intervención, o doutor **Luís Rodríguez Míguez** sinalou que “a saúde non é só a ausencia de enfermidade, senón un estado de completo benestar físico, mental e social”. Nesta liña, puxo de manifesto que “os balnearios representan na actualidade unha importante fonte de saúde e benestar”. E salientou que “Galicia, con máis de 300 manancias catalogados en toda a comunidade, unha vintena de balnearios con máis de 3.000 prazas de aloxamento e 11 plantas envasadoras de auga mineral, é unha potencia neste eido, que sobresaie no conxunto de España pola enorme calidade das súas augas minerais e mineiromedicinais”.